





















# Glosario


A	<p><b>Acuífero</b></p> 	<p><b>Definición:</b> Formación xeolóxica composta unha ou varias capas de materiais impermeables e capaces de almacenar auga subterránea.</p> <p><b>Exemplo:</b> Un acuífero superficial pode impedir a construción dunha casa.</p>
	<p><b>Afluente</b></p> 	<p><b>Definición:</b> Río secundario que desemboca noutro principal.</p> <p><b>Exemplo:</b> O río Sil é o principal afluente do Miño.</p>
	<p><b>Anemómetro</b></p> 	<p><b>Definición:</b> Aparello meteorolóxico empregado para medir a velocidade do vento.</p> <p><b>Exemplo:</b> Segundo o anemómetro o vento sopra a 90 km/h.</p>
	<p><b>Anticiclón</b></p> 	<p><b>Definición:</b> Zona atmosférica de alta presión (maior de 1013 hPa).</p> <p><b>Exemplo:</b> O anticiclón de Azores ocasiona bo tempo no verán.</p>
	<p><b>Atmosfera</b></p> 	<p><b>Definición:</b> Capa gasosa que envolve a Terra.</p> <p><b>Exemplo:</b> Sen atmosfera non poderíamos respirar.</p>
	<p><b>Aurora Boreal</b></p> 	<p><b>Definición:</b> Forma de luminescencia que se observa no ceo nocturno, xeralmente nas zonas polares.</p> <p><b>Exemplo:</b> De noite, no norte de Europa é doado ver unha aurora boreal.</p>

B	<b>Barómetro</b> 	<b>Definición:</b> Aparello meteorolóxico empregado para medir a presión atmosférica.  <b>Exemplo:</b> O barómetro que marca 992 hPa, indica que hai unha baixa presión.
	<b>Bioma</b> 	<b>Definición:</b> Rexións do planeta que comparten clima, vexetación e fauna.  <b>Exemplo:</b> A bioxeografía estuda a distribución dos biomas.
	<b>Borrasca</b> <b>Ciclón</b>  Baixa presión	<b>Definición:</b> Zona atmosférica de baixa presión (menor de 1013 hPa). Ciclón.  <b>Exemplo:</b> A borrasca que se achega vai deixar moitas precipitacións durante a fin de semana.
C	<b>Caudal</b> 	<b>Definición:</b> Cantidade de auga que transporta un río.  <b>Exemplo:</b> No inverno os ríos galegos teñen o máximo caudal.
	<b>Catavento</b> 	<b>Definición:</b> Aparello meteorolóxico empregado para medir a dirección do vento.  <b>Exemplo:</b> O catavento indícanos que o vento é do nordés.
	<b>Ciclo da auga</b> 	<b>Definición:</b> Aquel que describe o movemento da auga tanto pola superficie terrestre como por debaixo dela.  <b>Exemplo:</b> Evaporación, condensación e precipitación completan o ciclo da auga.
	<b>Clima</b> 	<b>Definición:</b> Sucesión típica de tipos de tempo ao longo do ano.  <b>Exemplo:</b> O clima de Galicia é o clima oceánico.









	<b>Climograma</b> 	<b>Definición:</b> Gráfica de dobre entrada na que se representa a temperatura media mensual cunha liña e a precipitación mensual con barras.  <b>Exemplo:</b> Analizando o climograma de Valencia podemos dicir que a cidade pertence ao ámbito climático mediterráneo.
	<b>Conca hidrográfica</b> 	<b>Definición:</b> Territorio drenado por un río principal e todos os seus afluentes.  <b>Exemplo:</b> A do Amazonas é a conca hidrográfica máis grande do mundo.
	<b>Correntes mariñas</b> 	<b>Definición:</b> Son como grandes ríos que discorren polos océanos e que xorden polas diferenzas de densidade, de temperatura e de salinidade da auga.  <b>Exemplo:</b> A corrente cálida do Golfo de México permite que o mar en Galicia teña unha temperatura agradable.
	<b>Curso (de un río)</b> 	<b>Definición:</b> Percorrido que realiza un río dende o seu nacemento ata a súa desembocadura. Leito  <b>Exemplo:</b> Seguindo o curso do río, poderemos chegar ao mar sen perdernos.
	<b>Estiaxe</b> 	<b>Definición:</b> Período en que se rexistra o caudal mínimo dun curso fluvial.  <b>Exemplo:</b> En España a estiaxe dos ríos obsérvase nos meses de verán.
E	<b>Estepa</b> 	<b>Definición:</b> Formación herbácea propia do clima continental.  <b>Exemplo:</b> A estepa de Eurasia é unha vasta extensión de terras planas.
	<b>Fervenza</b> 	<b>Definición:</b> Parte dun curso fluvial onde, por mor dun forte desnivel do leito, a auga cae verticalmente.  <b>Exemplo:</b> O río Xallas é o único río de Europa que remata nunha fervenza.
	<b>Fronte</b> 	<b>Definición:</b> Superficie de contacto entre dúas masas de aire de características físicas distintas.  <b>Exemplo:</b> A fronte fría do mapa indícanos que van baixar as temperaturas.

G	<b>Furacán</b> 	<b>Definición:</b> Tormenta tropical de gran extensión que vai acompañada de fortes ventos e intensas precipitacións.  <b>Exemplo:</b> O furacán chega ás costas con velocísimos ventos e grandes precipitacións.
	<b>Garriga</b> 	<b>Definición:</b> Unha das formacións de matogueiras propias do clima mediterráneo.  <b>Exemplo:</b> Romeu e tomiño son plantas con gran presenza na garriga.
	<b>Glaciar</b> 	<b>Definición:</b> Linguas de xeo que nacen pola acumulación de neve nas zonas altas.  <b>Exemplo:</b> O Perito Moreno é un impresionante glaciar arxentino.
H	<b>Hidrosfera</b> 	<b>Definición:</b> Sistema constituído por toda a auga que existe na Terra, tanto na súa superficie como debaixo da mesma.  <b>Exemplo:</b> A hidrosfera é fundamental para manter o equilibrio climático e a vida na Terra.
I	<b>Iceberg</b> 	<b>Definición:</b> Illa de xeo procedente da fragmentación do xeo polar.  <b>Exemplo:</b> Un iceberg foi quen de afundir o Titanic.
	<b>Isóbara</b> 	<b>Definición:</b> Liñas que nun mapa unen os puntos que rexistran iguais presións atmosféricas.  <b>Exemplo:</b> Vendo as isóbaras podemos saber cal é a presión na superficie terrestre.
	<b>Isohieta</b> 	<b>Definición:</b> Liñas que nun mapa unen os puntos que rexistran iguais precipitacións.  <b>Exemplo:</b> Os meteorólogos trazan isohietas nos mapas para informarnos da distribución das precipitacións.

L	<b>Isoterma</b> 	<b>Definición:</b> Liñas que nun mapa unen os puntos que rexistran iguais temperaturas.  <b>Exemplo:</b> Os meteorólogos trazan isotermas nos mapas para informarnos da distribución das temperaturas.
	<b>Lago</b> 	<b>Definición:</b> Masa de auga permanente que se atopa no interior dos continentes.  <b>Exemplo:</b> O lago de Sanabria foi formado por un glaciar.
M	<b>Landa</b> 	<b>Definición:</b> Formación de matogueiras propia das áreas de clima oceánico.  <b>Exemplo:</b> Toxos, xestas e fentos son algunhas das plantas que máis frecuentemente aparecen na landa.
	<b>Maquis</b> 	<b>Definición:</b> Unha das formacións de matogueiras propias do clima mediterráneo.  <b>Exemplo:</b> Lavanda, lentisco, romeu... son especies vexetais que podemos atopar no maquis mediterráneo.
	<b>Mar</b> 	<b>Definición:</b> Masa de auga salgada próxima aos continentes e de menor tamaño e profundidade que os océanos.  <b>Exemplo:</b> O mar Cantábrico baña todo o Norte da Península Ibérica.
	<b>Mareas</b> 	<b>Definición:</b> Movements periódicos de ascenso e descenso do nivel mariño orixinados, basicamente, pola atracción da Lúa sobre mares e océanos.  <b>Exemplo:</b> O monte San Michelle queda illado durante a marea alta.
	<b>Meandro</b> 	<b>Definición:</b> Curva que describe o curso dun río.  <b>Exemplo:</b> A navegación polo río vese dificultada pola presenza de meandros.

O	<b>Morena</b> 	<b>Definición:</b> Acumulación de sedimentos transportados por un glaciar.  <b>Exemplo:</b> A morena terminal indícanos ata onde avanzou un glaciar.
	<b>Oasis</b> 	<b>Definición:</b> Lugares con vexetación nun deserto.  <b>Exemplo:</b> Nos oasis, grazas á presenza de auga, é frecuente atopar pequenos poboados.
	<b>Océano</b> 	<b>Definición:</b> Masa de auga salgada que separa os continentes, de gran tamaño e profundidade.  <b>Exemplo:</b> O océano Atlántico separa América e Europa.
	<b>Onda (maríña)</b> 	<b>Definición:</b> Ondulacións provocadas pola incidencia do vento sobre a superficie mariña.  <b>Exemplo:</b> Unha onda grande pode envorcar un barco.
P	<b>Pluviómetro</b> 	<b>Definición:</b> Aparello meteorolóxico empregado para medir a cantidade de precipitacións rexistradas.  <b>Exemplo:</b> A análise do pluviómetro indica que a noite pasada caeron 10l/m <sup>2</sup> .
	<b>Pradaría</b> 	<b>Definición:</b> Formación herbácea propia do clima continental.  <b>Exemplo:</b> Nas pradarías norteamericanas convivían os indios comanches e os bisontes.
	<b>Precipitación</b> 	<b>Definición:</b> Caída de auga dende a atmosfera cara a superficie terrestre en forma líquida (chuvia) ou sólida (neve ou sarabia).  <b>Exemplo:</b> As precipitacións poden caer de forma sólida ou líquida.
	<b>Presión</b> 	<b>Definición:</b> Peso do aire sobre a superficie terrestre.  <b>Exemplo:</b> Os alpinistas cando ascenden ás montañas notan como baixa a presión e como cada vez é máis difícil respirar.



R	<b>Río</b> 	<b>Definición:</b> Curso permanente de auga.  <b>Exemplo:</b> O río Miño serve de fronteira entre España e Portugal.
	<b>Sabana</b> 	<b>Definición:</b> Formación herbácea propia do clima tropical.  <b>Exemplo:</b> É posible ver leóns e leas vivindo na sabana.
S	<b>Selva</b> 	<b>Definición:</b> Formación vexetal propia do clima ecuatorial ou do tropical moi húmido.  <b>Exemplo:</b> Na selva as lianas ascenden agarradas ás árbores no procura do sol.
	<b>Taiga</b> 	<b>Definición:</b> Bosque de coníferas propio do clima continental.  <b>Exemplo:</b> Os piñeiros e abetos son especies arbóreas que se poden atopar doadamente no ámbito da taiga.
T	<b>Temperatura</b> 	<b>Definición:</b> Cantidade de calor que hai na atmosfera.  <b>Exemplo:</b> En Europa, no verán, a temperatura é maior debido a que a radiación solar incide moi verticalmente.
	<b>Tempo</b> 	<b>Definición:</b> É o estado da atmosfera nun momento concreto.  <b>Exemplo:</b> O tempo chuvioso desta mañá vai mudar pola tarde.
	<b>Termómetro</b> 	<b>Definición:</b> Aparello meteorolóxico empregado para medir a temperatura.  <b>Exemplo:</b> O termómetro do observatorio marca as temperaturas máximas e mínimas do día.
	<b>Tornado</b> 	<b>Definición:</b> Columna de aire con forma de embude e alta velocidade angular que ten no seu extremo inferior en contacto coa Terra e o superior cunha nube.  <b>Exemplo:</b> O tornado, cos seus fortísimos ventos, causou enormes danos na localidade.

	<p><b>Torrente</b></p> 	<p><b>Definición:</b> Curso descontinuo de auga.</p> <p><b>Exemplo:</b> As fortes precipitacións de onte encheron o leito seco do torrente.</p>
	<p><b>Tundra</b></p> 	<p><b>Definición:</b> Formación vexetal propia do clima polar.</p> <p><b>Exemplo:</b> Vento, frío e unha vexetación moi escasa dominan na tundra.</p>
V	<p><b>Vertente hidrográfica</b></p> 	<p><b>Definición:</b> Conxunto de concas fluviais que levan as súas augas ao mesmo mar conforman unha vertente hidrográfica.</p> <p><b>Exemplo:</b> Miño, Douro, Texo, Guadiana e Guadalquivir son os ríos máis importantes da vertente atlántica española.</p>
	<p><b>Vento</b></p> 	<p><b>Definición:</b> Aire en movemento.</p> <p><b>Exemplo:</b> O vento, transportando o polen, contribúe á reprodución das plantas.</p>